

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 18.09.2025 Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 18 de setembro de 2025, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Propositions non de lei

- 1.1 2115 (12/PNC-000269)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Longueira Castro, Silvia e 3 máis
Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar adiante en relación coa súa xestión en Galicia do Plan estatal de acceso á vivenda 2022-2025
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 20f2, do 02.05.2024
- 1.2 23983 (12/PNC-002209)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria
Sobre a demanda á Xunta de Galicia dunha partida orzamentaria para 2026 co fin de incorporar cen prazas de psicólogos/as clínicos aos centros de saúde de atención primaria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 192f1, do 30.04.2025
- 1.3 25136 (12/PNC-002313)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co sistema de financiamento da atención á dependencia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 197f1, do 14.05.2025
- 1.4 26554 (12/PNC-002489)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Insua Lema, Óscar e Prado Cores, María Montserrat
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co obxectivo de construír en Fisterra un novo centro de saúde
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 208f1, do 11.06.2025
- 1.5 30432 (12/PNC-002739)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 11 máis
Sobre a demanda que a Xunta debe dirixir ao Goberno central para que manteña as cidades de Vigo e Santiago de Compostela como sede para realizar os exames MIR en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 239f1, do 21.08.2025

Asinado o día 10/09/2025 ás
17:57
Por Noelia Pérez López



- 1.6 31931 (12/PNC-002802)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co
fin de que manteña a cidade de Vigo como sede oficial dos exames MIR (médico
interno residente)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 244, do 28.08.2025

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2025

Noelia Pérez López
Presidenta da Comisión



Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 10/09/2025 17:57:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 10/09/2025 18:45:19
Nº Rexistro: 9271
Data envío: 10/09/2025 18:45:19.133

CSV: REXPG-PDpmx29IO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 10/09/2025 17:57:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 10/09/2025 18:46:23
Nº Rexistro: 9274
Data envío: 10/09/2025 18:46:23.157

CSV: REXPG-VaBUuqIP-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Noelia Pérez López	P
Vicepresidenta	
Ethel María Vázquez Mourelle	P
Secretaria	
Iria Carreira Pazos	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Victor Manuel Baladrón Lamas	P
María Elena Espinosa Mangana	S
Ariadna Fernández González	BNG
Nicole Grueira Fernández	P
María Dolores Hermelo Piñeiro	P
Silvia Longueira Castro	S
Argimiro Marnotes Fernández	P
Armando Ojea Bouzo	M
María Magdalena Pérez Millares	P
María Montserrat Prado Cores	BNG
Olalla Rodil Fernández	BNG
Iago Suárez Fernández	BNG

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 18.09.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 18.09.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 2115(12/PNC-000269)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e 3 máis

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar adiante en relación coa súa xestión en Galicia do Plan estatal de acceso á vivenda 2022-2025

Publicación da iniciativa, 20f2, 02.05.2024



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 2115
Data envío: 18/04/2024 18:36:47.375

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Silvia Longueira Castro, Carlos López Font, María Elena Espinosa Mangana e Paloma Castro Rey**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O bono alugueiro para a mocidade de 250 euros implantado polo Goberno de España, dentro do Plan estatal de acceso á vivenda 2022-2025 xestiónase a través das comunidades autónomas. Segundo vén de facer público o último informe do Valedor do Pobo, a Xunta de Galicia incumpriu cos prazos de tres meses para dar resposta ás demandas que lle chegaron a través do IGVS (organismo encargado da súa xestión).

Isto significou que nunha comunidade onde o prezo de alugueiro nas cidades subiu unha media do 50 por cento nas cidades, a Xunta de Galicia tardou máis de dezaseis meses en dar unha resposta ás persoas solicitantes das axudas, toda vez que dixeran que en tres meses estarían resoltas as solicitudes. Isto faise difícil de crer xa que as axudas son de concesión directa, por orde cronolóxica de entrada, e nas que soamente hai que comprobar si se cumpriron as condicións.

O prazo abreuse o 1 de xullo de 2022 e en novembro de 2023 aínda respondían as solicitudes de xullo de 2022. E dun total de 14.441 solicitudes recibidas no IGVS, entre xullo e outubro de 2022. A mediados de decembro de 2023, a entidade só foi capaz de responder 5.500 expedientes.



CSM-REXISTRO-AKdONNo-9

Verificación: <https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 2115
Data envío: 18/04/2024 18:36:47.375

A xestión tornouse un asunto embarullado xa que a Xunta de Galicia estableceu que pasados os tres meses si os solicitantes non recibían respostas, tiñan que dar por desestimado a súa petición. Posteriormente non ocorreu así, outorgando axudas co tempo superado pero tamén deixou sen resposta nin capacidade de reacción a milleiros de solicitantes.

Ante tal falta de criterio de xestión e de falta de protocolo de actuación ante un tema que afecta de forma directa á vida de milleiros de mozos e mozas en Galicia, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Emitir un listado con todas as solicitudes que quedaron sen resolver dentro do plan estatal de acceso á vivenda 2022 - 2025 na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Emitir un informe sobre a responsabilidade da falta de xestión do devandito plan estatal de acceso a vivenda, por parte dos órganos competentes da Xunta de Galicia, tanto en materia de vivenda como aqueles outros que teñan responsabilidade na área de mocidade.
3. Habilitar un mecanismo para restituír a todos aqueles solicitantes que puidesen verse afectados pola falta de xestión da axuda de xeito que poidan ser perceptores da mesma, toda vez que a demora da Xunta de Galicia deixou a súa solicitude nun estadio de pausa.

Santiago de Compostela, 18 de abril do 2024

Asinado dixitalmente por:



CSV REXISTRO-AktOONo-9
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 2115
Data envío: 18/04/2024 18:36:47.375

Silvia Longueira Castro na data 18/04/2024 18:31:35

Carlos López Font na data 18/04/2024 18:31:47

Elena Espinosa Mangana na data 18/04/2024 18:31:55

Paloma Castro Rey na data 18/04/2024 18:32:05

José Ramón Gómez Besteiro na data 18/04/2024 18:32:12



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

@PSdeG



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 18.09.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 23983(12/PNC-002209)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dunha partida orzamentaria para 2026 co fin de incorporar cen prazas de psicólogos/as clínicos aos centros de saúde de atención primaria

Publicación da iniciativa, 192f1, 30.04.2025



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2025 11:01:41
Nº Rexistro: 23983
Data envío: 11/04/2025 11:01:41.184

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre a necesidade de incorporar psicólogos/as clínicos/as nos centros de saúde de Atención Primaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de 16 anos de goberno do PP a situación da atención á saúde mental das galegas e galegos é moito máis que preocupante. Os indicadores evolucionan todos negativamente: incremento na incidencia dos trastornos psíquicos, da taxa de suicidios, aumento do consumo de psicofármacos... E pola contra, os recursos asistenciais específicos baixo mínimos

Houbo que agardar a 2017 para que aprobaran un plan de atención ao suicidio, do que non coñecemos ningunha valoración do nivel de cumprimento do mesmo

Agardar até 2020 para presentar un plan de saúde mental, que tampouco sabemos o nivel de cumprimento. De cumprirse na súa integridade nin estaríamos na media dos profesionais que a Xunta de Fraga consideraba preciso en 1997, hai 27 anos.

A magnitude dos problemas de saúde mental contrasta coas dificultades de acceso aos servizos sanitarios.

Coa Atención Primaria colapsada e os hospitais coas listas de espera desbordadas, o acceso ao circuíto sanitario fíxose aínda máis complicado para os

CSM-REXPG-HEHPCFZ91-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2025 11:01:41
Nº Rexistro: 23983
Data envío: 11/04/2025 11:01:41.184

trastornos mentais. Os e as doentes chegan tarde e chegan mal. Medran os casos de depresión e ansiedade, descompensase os trastornos graves e aumentan os de conduta alimentaria ou as tentativas de suicidio especialmente preocupante entre os e as máis novos/as.

Un problema leve de saúde mental non atendido ten moitas posibilidades de evolucionar a unha patoloxía grave, como ocorre co resto de enfermidades cando non son tratadas.

Se a accesibilidade non é posíbel córrese o risco de que se cronifiquen os problemas e sexa moito máis difícil atallalos.

Atención Primaria é fundamental para garantir a accesibilidade e unha atención próxima, razón pola cal o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O parlamento insta a Xunta a incluír nos orzamentos da Xunta para o ano 2026 unha partida de cinco millóns de euros para incorporar o vindeiro ano nos Centros de Saúde de Atención Primaria cen de prazas de psicólogos/as clínicos/as, que permita atención directa nos mesmos”.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2025 11:01:41
Nº Rexistro: 23983
Data envío: 11/04/2025 11:01:41.184

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 11/04/2025 10:39:41

Iria Carreira Pazos na data 11/04/2025 10:39:58

Ana Pontón Mondelo na data 11/04/2025 10:40:12



CSV REXPC-nEHpCZ91-8
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 18.09.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 25136(12/PNC-002313)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao
Goberno central en relación co sistema de financiamento da
atención á dependencia

Publicación da iniciativa, 197f1, 14.05.2025

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia, establece un marco común de protección para as persoas dependentes en España. Esta norma dispón que a financiación dos servizos e prestacións debe ser asumida de maneira equitativa entre o Goberno central e as comunidades autónomas, garantindo un sistema sostible e eficaz. Porén, este principio de cofinanciamento non se está a cumprir, o que supón unha carga desproporcionada para comunidades como Galicia, que levan anos compensando coa súa propia financiación o incumprimento do Estado.

A realidade é que a achega estatal á dependencia segue a ser insuficiente, xerando un déficit que Galicia tivo que suplir con fondos propios. Actualmente, a débeda acumulada do Goberno central coa nosa comunidade en materia de dependencia supera os 2.500 millóns de euros, o que afecta directamente á capacidade de mellorar e ampliar os servizos. Mentres tanto, Galicia segue a incrementar o seu compromiso cun sistema de atención máis áxil e eficaz, tal e como demostra o novo Plan de Choque para a Dependencia impulsado pola Xunta de Galicia en 2024, que introduce medidas clave para mellorar a xestión e reducir os tempos de resposta.

Entre as principais medidas deste plan destacan:

- Simplificación administrativa: a solicitude de dependencia redúcese a un único trámite, eliminando burocracia innecesaria.
- Resolución conxunta de dependencia e discapacidade: garantindo unha resposta máis áxil ás persoas que soliciten ambos recoñecementos.
- Vía preferente para persoas maiores de 80 anos: reducindo tempos de espera para este colectivo prioritario.
- Reforzo dos equipos de valoración: ampliación de persoal para axilizar os procesos de tramitación.



- Blindaxe do papel dos traballadores sociais nos concellos: garantindo que os profesionais do ámbito social dispoñan dos medios necesarios para atender ás persoas dependentes de maneira efectiva.

Este esforzo da Xunta de Galicia tradúcese nun incremento do 12% no investimento en dependencia, acadando os 600 millóns de euros anuais. Con todo, este incremento autonómico non pode suplir indefinidamente o incumprimento do Goberno central. A falta de compromiso do Executivo estatal pon en risco a sostibilidade do sistema, impide a ampliación dos servizos e prexudica ás persoas que máis precisan dunha atención áxil e eficaz.

A situación actual supón unha discriminación inxustificada para Galicia, que debe afrontar a maior parte do financiamento en solitario, a pesar de que a Lei de Dependencia establece que o Goberno de España debe cubrir o 50% dos custos. Esta falta de corresponsabilidade financeira non só lastra a capacidade da nosa comunidade para mellorar a atención á dependencia, senón que tamén pon en perigo a equidade territorial no acceso a estes servizos esenciais.

Por isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, a dirixirse ao Goberno de España para:

- 1.- Cumprir co establecido na Lei de Dependencia e asumir o financiamento do 50% do custo dos servizos e prestacións, garantindo un reparto equitativo dos recursos entre o Goberno de España e as comunidades autónomas.
- 2.- Abonar de maneira inmediata a débeda acumulada con Galicia, que supera os 2.500 millóns de euros, permitindo así fortalecer o sistema de atención á dependencia na nosa Comunidade.
- 3.- Incrementar os fondos destinados ás comunidades autónomas para a atención á dependencia, asegurando que todas as persoas con dereito a prestacións poidan acceder a elas sen demoras inxustificadas.
- 4.- Establecer un plan de financiamento estable e plurianual, que permita ás comunidades autónomas planificar e mellorar os servizos de dependencia con previsibilidade e seguridade orzamentaria.”



Santiago de Compostela, 8 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 08/05/2025 12:25:13

Raquel Arias Rodríguez na data 08/05/2025 12:25:29

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/05/2025 12:25:43

Víctor Baladrón Lamas na data 08/05/2025 12:25:51

Nicole Grueira Fernández na data 08/05/2025 12:26:02

Dolores Hermelo Piñeiro na data 08/05/2025 12:26:12

Argimiro Marnotes Fernández na data 08/05/2025 12:26:33

Noelia Pérez López na data 08/05/2025 12:26:47

Ethel Vázquez Mourelle na data 08/05/2025 12:26:59

Maria Magdalena Perez Millares na data 08/05/2025 12:27:12



CSV REXPC-Cmk4CD9e-3

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 18.09.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 26554(12/PNC-002489)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia
co obxectivo de construír en Fisterra un novo centro de saúde

Publicación da iniciativa, 208f1, 11.06.2025



GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 13:05:55
Nº Rexistro: 26554
Data envío: 30/05/2025 13:05:55.770

Asinado o día 30/05/25
13:04
Por Olalla Rodil Fern

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado e da deputada **Oscar Insua Lema** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre o novo centro de saúde de Fisterra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Fisterra hai máis de vinte anos que leva esperando por un novo centro de saúde de atención primaria. Dende polo menos o ano 2005, o ente fisterrán leva ofrecendo diversas parcelas para que a consellería de Sanidade constrúa un edificio de servizos sanitarios accesible, funcional e adaptado á normativa técnica.

Falouse de construílo no centro de Fisterra, ao lado da antiga cofradía, pero a pendente existente e as reducidas dimensións da parcela para futuras ampliacións, descartaron esa posibilidade. Logo tocoulle á parcela ao lado da igrexa de Santa María das Areas, cedida pola rectoral, para edificar un local cunha superficie de 1.600 metros cadrados. Logo o concello ofreceu a praza colindante coa planta inferior do concello, despois tocárlle á finca municipal que posúen no lugar de san Roque, e finalmente falouse da remodelación do propio edificio do ISM onde se localizan hoxe as instalacións de medicina familiar ou de construílo en fronte, nun terreno pertencente á portos de Galiza.

No 2006, o Sergas tiña orzamentado 600.000 € para financiar a construción do citado centro de saúde, mais a falla de acordo da ubicación demorou a súa construción. No ano 2010, a exconselleira de Sanidade Pilar Farjas, visitaba en Fisterra a posible ubicación do futuro centro, e sinalaba como lugar idóneo, a zona en fronte da igrexa de

Asinado o día 30/05/2025 ás
13:04
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 30/05/2025 ás
13:04
Por Oscar Insua Lema

CSV: REVPG-49XV5p0H-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 13:05:55
Nº Rexistro: 26554
Data envío: 30/05/2025 13:05:55.770

Santa María das areas, prometendo telo feito e rematado ao longo do ano 2011, mais “pasou o día, e pasou a romería”.

No ano 2011, o 17 de xaneiro, o partido popular fixo un despregamento de medios, novamente coa exconselleira de Sanidade, Pilar Farjas e co presidente de portos de Galiza, José Manuel Álvarez-Campana, para anunciar a sinatura dun convenio de colaboración para axilizar a tramitación da construción do novo centro médico, entre os dous organismos e o concello de Fisterra. Daquela, a Conselleira anunciara que o Servizo Galego de Saúde destinaría 1,5 millóns de euros para construír o novo centro de saúde de Fisterra, cuxo plan funcional incluía catro consultas de medicamento xeral e unha de pediatría, cinco de enfermaría, unha sala polivalente, outra de toma de mostras e unha terceira de técnicas. Pilar Farjas, aseguraba en Fisterra que o obxectivo era que o novo edificio, se construíría na zona portuaria, fronte á casa consistorial e ao actual consultorio, e quedaría finalizado naquel mesmo ano. O certo é que ese convenio que se presuntamente asinaron as tres partes, nin foi publicado, nin se materializou, nin na zona de portos nin en ningún outro espazo, todo foi propaganda, pura e dura.

O centro de saúde segue no mesmo sitio, no edificio do Instituto social da Mariña construído hai máis de corenta anos, con espazos vellos e obsoletos tanto para as consultas como para atender aos doentes nas condicións desexables. Un edificio que carece de accesos para persoas con discapacidade, xa que teñen que utilizar o ascensor do concello, edificio colindante, que se instalou na última reforma, e no cal non cabe unha padiola. Os accesos que posúe son unicamente por medio de escaleiras, dado que se sitúa nunha terceira planta, e o acceso que ten se elas é mediante unha pendente en caracol cun ancho que non chega ao metro.

Despois do paso pola alcaldía do Partido Popular e do esquecemento destas instalacións, os distintos gobernos municipais de Fisterra desde 2015 veñen reclamando a construción do mentado centro de saúde, e ofrecendo distintos terrenos municipais para a





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 13:05:55
Nº Rexistro: 26554
Data envío: 30/05/2025 13:05:55.770

súa futura ubicación, sen que a Xunta de Galiza teña orzamentado nin un só euro para tal menester, indicativo do grandísimo interese e empeño que pon o goberno galego no asunto.

E unha constante a preocupación da veciñanza do Fisterra, para que este proxecto poida ser unha realidade algún día, e compre darlle solución a esta inquietude. No proxecto de Orzamentos da Xunta de Galiza, a Consellería deixaba aberta a porta a novas inversións naqueles Concellos que avancen axeitadamente, na posta a disposición dos terreos necesarios, como é o caso que nos ocupa.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Impulsar as xestións necesarias para a construción dun novo centro de saúde no concello de Fisterra.
2. Licitar neste ano 2025 a redacción do proxecto de execución.
3. Dotar nos vindeiros orzamentos do ano 2026 unha partida orzamentaria suficiente para financiar a construción do centro de atención primaria de Fisterra.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 30/05/2025 13:04:40

María Montserrat Prado Cores na data 30/05/2025 13:04:47

Olalla Rodil Fernández na data 30/05/2025 13:04:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 13:05:55
Nº Rexistro: 26554
Data envío: 30/05/2025 13:05:55.770

CSV REXPG-e9xV5p0f-3
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/05/2025 13:05:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 13:05:55
Nº Rexistro: 26554
Data envío: 30/05/2025 13:05:55.770



CSV REXPG-e9xV5p0f-3
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 18.09.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 30432(12/PNC-002739)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 11 máis

Sobre a demanda que a Xunta debe dirixir ao Goberno central para que manteña as cidades de Vigo e Santiago de Compostela como sede para realizar os exames MIR en Galicia

Publicación da iniciativa, 239f1, 21.08.2025

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **María Encarnación Amigo Díaz, Julio García Comesaña, Patricia García Fernández, Miguel Fidalgo Iglesias, Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

Exposición de Motivos

A pandemia da covid-19 trouxo cambios a todos os niveis sociais, desde o eido laboral ata o sanitario, pasando polo educativo.

Un destes cambios foi o referido á organización dos exames de médicos residente (MIR). O desenvolvemento da pandemia fixo que o Ministerio de Sanidade incrementara as sedes onde se podían realizar os devanditos exames, incluíndo á cidade de Vigo como nova localización en Galicia.

A decisión tomada no seu día respondeu, principalmente, a razóns loxísticas, sanitarias e de equidade xeográfica. Así pois, con este incremento de sedes, mantíñanse as indicacións de seguridade sanitaria á vez que se reducían os desprazamentos, mellorábase a equidade territorial e a accesibilidade dos aspirantes.

Desde que Vigo se estableceu como centro examinador, moitos graduados en medicina acudiron a esta cidade para realizar o exame MIR. Sen ir máis lonxe, nesta última convocatoria máis de 500 persoas examináronse en Vigo, o que pon de manifesto a consolidación da cidade olívica como unha sede afianzada.

Recentemente, o Ministerio de Sanidade decidiu reducir o número de sedes de exame das 28 actuais a 22, deixando fóra das cidades para poder realizar os exames MIR a Vigo. Esta decisión prexudica gravemente a Galicia ao deixar unicamente na nosa comunidade a Santiago de Compostela como sede para o MIR.

A decisión non só rompe coa accesibilidade e coa equidade territorial coa que se tomou inicialmente a decisión, senón que penaliza a unha cidade que nos últimos anos se consolidara como sede ante o continuo incremento de prazas ofertadas de formación sanitaria especializada.

Asinado o día 04/08/2025 ás
16:44
Por Alberto Pazos Couñago





PARLAMENTO
DE GALICIA




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30432
Data envío: 04/08/2025 16:45:42.015

Por todo o anteriormente exposto, o deputados arriba asinantes presentan a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para solicitarlle o mantemento da cidade de Vigo, xunto con Santiago de Compostela, como sede para a realización dos exames de formación sanitaria especializada (MIR) na nosa comunidade”.

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2025



CSV: REXPO-QRPLWwOL-3

Verificación

<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 04/08/2025 16:44:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30432
Data envío: 04/08/2025 16:45:42.015

CSV REXPO-QRPLWwL-3
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/08/2025 16:45:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30432
Data envío: 04/08/2025 16:45:42.015

CSV REXPC-QRP LwWol-3
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 18.09.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 31931(12/PNC-002802)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao
Goberno central co fin de que manteña a cidade de Vigo como
sede oficial dos exames MIR (médico interno residente)

Publicación da iniciativa, 244, 28.08.2025



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31931
Data envío: 21/08/2025 17:37:16.185

Asinado o día 21/08/25
17:34
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **María Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

A cidade de Vigo desempeñou nos últimos anos un papel relevante como sede do exame MIR desde a súa recuperación como sede en 2021. Desde entón, a cidade olívica albergou ininterrompidamente o exame MIR ata a convocatoria de 2025, acollendo nesta última edición a 549 aspirantes galegos, o que representa case un 30 % do total en Galicia. A sede establecida no campus de Lagoas-Marcosende demostrou óptimas condicións de infraestruturas, organización e seguridade.

Asinado o día 21/08/2025 ás
17:34
Por Carlos López Font

Recentemente, coñeceuse a decisión de excluír a Vigo como sede a partires da convocatoria de 2026, centralizando de novo a proba unicamente en Santiago de Compostela.

Esta decisión supón un retroceso en termos de descentralización, equidade territorial e de achegamento da administración á cidadanía. Ademais, a accesibilidade ás probas selectivas debe rexerse por criterios de equidade, eficiencia e cohesión territorial.

Vigo, a cidade máis poboada de Galicia e a urbe máis importante do noroeste peninsular, non pode renunciar a ser sede das probas MIR. De feito, a decisión tomada xerou un gran rexeitamento na cidade.

Asinado o día 21/08/2025 ás
17:34
Por Elena Espinosa Mangana

O 17 de xullo de 2025, o Ministerio de Sanidade e as CC.AA., aprobaron a orde ministerial que establece a oferta de prazas e regula a convocatoria de probas

CSM-REXPG-4lyNm2O-9
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31931
Data envío: 21/08/2025 17:37:16.185

selectivas para o acceso en 2026 á Formación Sanitaria Especializada co visto e prace do conselleiro de Sanidade de Galicia que non defendeu manter a sede en Vigo.

Por todo iso, propónse a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia, a dirixirse ao Goberno de España para manter a Vigo como sede oficial para a celebración do exame MIR garantindo así a descentralización, accesibilidade e equidade no acceso ás probas selectivas do Sistema Nacional de Saúde.

Parlamento de Galicia, 21 de agosto de 2025

CSV REXPG-64yNn62O-9
Votación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 21/08/2025 17:34:04

Carlos López Font na data 21/08/2025 17:34:14

Silvia Longueira Castro na data 21/08/2025 17:34:22

José Ramón Gómez Besteiro na data 21/08/2025 17:36:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31931
Data envío: 21/08/2025 17:37:16.185

CSV REXPG-64yNn62O-9
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 17:37:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31931
Data envío: 21/08/2025 17:37:16.185

CSV REXPG-64yNn62O-9
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

